

COMUNICACIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA RELATIVA Á CELEBRACIÓN DUN SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE ENTRE DÚAS (2) PERSOAS CANDIDATAS PARA A COBERTURA DE UNHA (1) DAS CINCO (5) PRAZAS VACANTES PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE OURIZO A PÉ PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE O PINDO.

1. O plan de explotación de ourizo a pé da confraría de pescadores de O Pindo (PE410A 2021/17-1), aprobouse para o trienio 2022-2024 mediante a Orde do 22 de decembro de 2021 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia. (DOG Núm. 251, do 31.12.2021).
2. De conformidade co expediente de aprobación do plan de explotación de ourizo a pé para o trienio 2022-2024, indicábase que o número máximo de participantes no plan mantense en quince (15) permisos. O número de permisos vixentes nesa entidade na actualidade é de dez (10) permisos, polo tanto, son cinco (5) as prazas a cubrir ata acadar o número máximo de quince (15) permisos establecidos no plan.
3. Por resolución do 14.11.2022 desta xefatura territorial convocouse o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de ourizo a pé para o exercicio da actividade extractiva na confraría de pescadores de O Pindo. Neste proceso convocáronse cinco (5) prazas sinaladas anteriormente.
4. Por resolución do 19.12.2022 da xefa territorial da Consellería do Mar da Coruña, publicouse a listaxe provisional das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo a as persoas excluídas do proceso. Esta resolución estableceu un prazo de quince (15) días hábiles, a contar a partir do seguinte ao da súa publicación, para efectuar as alegacións ás puntuacións outorgadas.
5. O 22.12.2022 chegan á Xefatura Comarcal de Ribeira uns escritos enviados pola secretaria da confraría de O Pindo e asinados por todas as persoas que están na listaxe provisional, informando de que non van a realizar alegación ningunha respecto das puntuacións outorgadas, para así emitir a resolución definitiva.
6. O proceso de cobertura de vacantes é para cinco (5) permisos de explotación polo que o número de persoas aspirantes seleccionadas, seis (6) non poderá ser superior ao de prazas convocadas. Sen embargo, temos un empate entre dúas (2) persoas aspirantes que acadaron 0,25 puntos en total.



7. O apartado 4 do anexo I da resolución de 12 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé establece que:

“En caso de producirse empate na puntuación obtida, resolverase mediante sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación”.

Visto o exposto e no exercicio das súas competencias esta xefatura territorial,

COMUNICA:

A celebración dun sorteo para dirimir o empate xurdido entre dúas (2) das seis (6) persoas aspirantes para acceder a unha (1) das cinco (5) prazas vacantes para o acceso ao permiso de explotación para ourizo a pé para a confraría de O Pindo.

As persoas aspirantes empatadas recibirán notificación desta xefatura territorial informándolles da celebración do sorteo público. O resultado do sorteo determinará a súa posición na lista.

Lugar de celebración:

Xefatura comarcal do Mar da Consellería do Mar en Ribeira
Praza dos Mariñeiros, 11
15960 Ribeira

Data: 28.12.2022

Hora: 11:00h en primeira convocatoria-11:30h en segunda convocatoria

Relación de persoas aspirantes empatadas:

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI
LOPEZ	GARCIA	MARTA	***3978**
RODRIGUEZ	RODRIGUEZ	DOMINGO	***0088**

Nota: ocúltase parcialmente o número de DNI en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

Levantarase acta da realización do sorteo que reflectirá a orde de prelación das persoas aspirantes empatadas para continuar coa tramitación do proceso de selección.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura dixital)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal

